



Manuela na cociña,
e Ramona no celeiro,
andan as dúas a tema
a ver quen casa primeiro.

A vella chámanll' a pita
e ó vello a paloma
e á mociña do medio
chámanlle cara de corva.

Ramona é boa moza,
non da vergonza decilo,
os mozos de Santestebo
chámanlle cara de cribo.

A cara tena de cribo
e o corpo de peneira,
quítala de labradora
métela de rosquilleira.

Cando ´staban en Sendelle
alá no monte vivían,
facían o que lles daba gana
e nadie llelo sabía.

Des que viñeron pró curro
levan unha vida fuliandeira
Xan López e o Romano
e José de Lavandeira.

O día qu´haxa as partixas
a Manuela ll´han de dar
unha vincha do presoiro
que teñen detrás do lar.